



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

**Expediente: 2022/G010/000011**

Valdoviño, 4 de agosto de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Dona Rosa Ana García López e don Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE.

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07.07.22 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión citada do 7.07.22 queda aprobada sen nengunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión). Non votan don Germán

Gómez Senra do PsdeG-PSOE e don Javier Bouzamayor Casas do PP por non assistiren á sesión do 7.7.22.

## **2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO DO 2021:**

*/Ditame favorable da comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.08.22/.*

*PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN:*

“Vista a Conta Xeral do exercicio 2021, xunto con toda a documentación anexa, formada segundo a lexislación vixente,

Tendo en conta que esta foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas con data 14 de xuño de 2022,

Visto que a mesma foi exposta ao publico no BOP nº 112 de 14 de xuño de 2022 para que os/as interesados/as puidesen presentar reclamacións, reparos ou observacións, sen que se formulase ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, proponse ó Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2021.

**Segundo.-** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O alcalde,  
Asdo.: D. Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou aprobar a Conta Xeral do exercicio 2021.**

A votación arroxou o seguinte resultado: votos a favor de todos os concelleiros presentes, agás da abstención dos dous concelleiros do Partido Popular.

## **3º.- APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E INICIO DE ADJUDICACIÓN DE LOS SERVICIOS DE RECOGIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS Y LIMPIEZA VIARIA EN EL CONCELLO DE VALDOVIÑO.- (EXPTE. 2022/C004/000002).-**

*/Propuesta dictaminada favorablemente en comisión informativa de planificación territorial y gestión administrativa de fecha 4.08.22/*

## **PROPUESTA DE ACUERDO:**

### **“Expte. 2022/C004/000002: CONTRATACIÓN DE LOS SERVICIOS DE RECOGIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS Y LIMPIEZA VIARIA EN EL CONCELLO DE VALDOVIÑO**

#### **Asunto: Propuesta aprobación expediente contratación.**

Visto el expediente tramitado para llevar a cabo la adjudicación del contrato de los servicios de recogida de residuos y limpieza viaria en el Concello de Valdoviño, en el que constan los siguientes documentos:

- .- Memoria justificativa de necesidad del servicio e insuficiencia de medios por parte del Concello.
- .- Estudio técnico-económico
- .- Pliego de cláusulas administrativas y pliego de prescripciones técnicas
- .- Informe de secretaría, firmado el 31 de julio de 2022
- .- Informe de intervención, que data del 31 de julio de 2022

Características del contrato que se pretende adjudicar:

Tipo de contrato: Administrativo

Subtipo de contrato.- Servicios

Objeto del contrato: Contratación servicios de recogida de residuos domésticos y limpieza viaria en el Concello de Valdoviño

Procedimiento de contratación: abierto-armonizado; varios criterios de adjudicación.

Tipo de Tramitación: Ordinaria

Código CPV:

90511000-2 .- Servicios de recogida y desperdicios

90512000-9.- Servicios de transporte y desperdicios

90610000-6.- Servicios de limpieza y barrido de calles

90918000-5.- Servicios de limpieza de cubos de basura.

Valor estimado do contrato: 4.052.051,40 euros (sin IVA).

Presupuesto base de licitación sin IVA.- 405.205,14 EUROS /ANUAL

IVA%: 10%.- 40.520,51 EUROS/ANUAL

Presupuesto base de licitación IVA incluido: 445.725,65 EUROS/ANUAL.

Duración de la ejecución: DIEZ AÑOS (10)

Considerando que el expediente siguió la tramitación establecida en la Legislación vigente y considerando que el órgano competente para aprobar y adjudicar el contrato es el Pleno del Ayuntamiento, de conformidad con la Disposición Adicional Segunda, de la Ley 9/2017 de 08 de noviembre, de Contratos del Sector Público,

Se eleva al Pleno, previo dictamen de la correspondiente comisión informativa, la siguiente

### PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto, con varios criterios de adjudicación y sujeto a regulación armonizada, tramitación ordinaria, para adjudicar el contrato de los servicios de recogida de residuos domésticos y limpieza viaria en el Concello de Valdoviño.

**SEGUNDO.** Aprobar el análisis técnico-económico; aprobar los pliegos de Cláusulas Administrativas y los Anexos I, II, III, IV, V y VI; aprobar el pliego de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato y que constan incorporados en el expediente.

**TERCEIRO.** Aprobar el gasto correspondiente con cargo a la aplicación presupuestaria 1621-227.99 y el compromiso de presupuestar en los sucesivos ejercicios las cantidades necesarias derivadas del contrato.

**CUARTO.-** De acuerdo con el artículo 174.5 del TRLRFL, ampliar el número de anualidades del referido gasto plurianual a 10 años, de acuerdo también con la duración del contrato.

**QUINTO.** Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, debiendo estar toda la documentación necesaria para la presentación de la oferta disponible por medios electrónicos desde el día de la publicación del anuncio.

**SEXTO.** Publicar el anuncio de licitación en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

Non obstante, el Pleno resolverá lo que estime más conveniente.

*/Documento datado y firmado por el sr. alcalde en el margen izquierdo/.*

### DELIBERACIÓN

Sr. Bouzamayor.- Pensamos que é insuficiente.

Sra. Testa.- Para os voluminosos establece doce horas.

Sr. Alcalde.- É para circunstancias sobrevidas, é unha vez ao mes, agás causas extraordinarias.

Sra. Testa.- A limpeza dos contedores é tres veces ao ano?

Sr. Alcalde.- Si.

Sra. Testa.- É insuficiente.

Sr. Alcalde.- Podese ampliar coma mellora, os veciños Terán que tirar ben os residuos en cada contedor i en bolsas pechadas.

Sra. Testa.- É as nóminas?

Sra. Secretaria municipal.- É unha competencia da empresa, os traballos dependen da empresa.

Sr. Alcalde.- Se nos observamos un erro correximolo pero os traballadores dependen da empresa.

Sra. Testa.- O barrido anual é soio en tres rúas?

Sr. Alcalde.- Si, e podese ampliar coma mellora pero pero o Concello ten uns límites, pola capacidade económica, coma pasa co Servizo de Axuda no Fogar, estamos limitados.

Mellorouse moito porque agora recollerase practicamente todos os días.

O contrato actual non funcionaba, foi para unha época determinada.

A empresa ten que cumprir o contrato, os pregos redataronos uns técnicos e superviraronse pola secretaría e pola intervención municipal. Nos pedimos mellorar o servizo dentro dos límites económicos que temos. A empresa tamén terá a obriga de inspección. Se non cumpre, sancionaraselle. Contemplouse a recollida de animais mortos e os eventos especiais organizados polo Concello.

Sra. Testa.- Quen fai a recollida de animais na actualidade? Os peóns?

Sr. Alcalde.- Depende, ás veces con empresas, pero encargase sempre o Concello.

Sra. Testa.- As beirarrúas quen as fai?

Sr. Alcalde.- Os operarios.

O contrato mellorouse porque se recolle practicamente todos os días e polo tanto vaise acumular menos. A empresa que gane o contrato será porque melloran o servizo a través das melloras que oferte.

Intervención de Cenval.-

Sra. Veiga.- O cadro dos anos e os custos podese modificar por circunstancias sobrevidas?

Sra. Secretaria municipal.- O prazo dos 10 anos determinase pola inversión e en canto ás contías económicas cabe a revisión de presos de acordo cos pregos.

Sra. Veiga.. Os restaurantes non teñen que ter un espazo para almacenar os residuos?

Sr. Alcalde.- Claro. A xente tamén debe tirar cada cousa no correspondente contenedor. E aínda que votedes en contra trasladareilles os parabéns aos redatores dos pregos e aos funcionarios que traballaron nesta contratación.

Sra. Veiga.- E a recollida de produtos químicos?

Sr. Alcalde.- Non podemos recollelos. Hai que levalo ao xestor de residuos.

**El Pleno de la Corporación, en votación ordinaria y por mayoría de los asistentes a la sesión, acordó la aprobación del expediente de contratación e inicio de adjudicación de los servicios de recogida de residuos domésticos y limpieza viaria.**

Votaron a favor los concejales asistentes del PsdeG-PSOE y la concejala de CENVAL. Votaron en contra los miembros del PP. El BNG no asistió a la sesión.

**4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS: REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES E REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-**

*/Ditame favorable da comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.08.22/.*

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO:

“Considerando que a Providencia de Alcaldía asinada o 18 de xullo do 2022 dispuxo iniciar expediente administrativo para a modificación da vixente Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica, publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia núm. 267 do 20 de novembro do 1999 para dar cumprimento a esixencia establecida no artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de revisar (...) periodicamente as normas vixentes para adaptadas aos principios de boa regulación e para comprobar a medida na que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se está xustificando e correctamente cuantificado o custo e cargas impostas en elas.

Tendo en consideración o establecido no artigo 15 e 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía propón a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Consta no expediente 2022/G016/000001 o texto modificado da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica, así como o Informe de Secretaría aos efectos oportunos.

En aplicación do disposto nos artigos 215 e 216 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) foi emitido pola Intervención municipal o informe favorable núm. 74/2022 en data 28 de xullo do 2022.

Conforme a lexislación vixente, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Valdoviño, como órgano competente a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis cuxo texto é o seguinte:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**Artigo 1.- Natureza e fundamento**

1.- O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles sitos no termo municipal de Valdoviño, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- De conformidade cos artigos 15.2, 16 e 59.1 do citado RDL 2/2004, do 5 de marzo, o Concellos de Valdoviño acorda a Ordenación deste tributos segundo as normas que contén a presente Ordenanza.

### **Artigo 2.- Feito Imponíble**

1.- Constitúe o feito imponíble deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos, e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos os que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade. 2.- A realización do feito imponíble que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmóble ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3.- Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmóbles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos coma tales no RDL 1/2004, do 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).

### **Artigo 3.- Non suxeición.**

Non están suxeitos a este imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.
- b) Os seguintes ben inmóbles propiedade do Concello de Valdoviño enclavados dentro do termo municipal:
  - Os bens inmóbles de dominio público afectos a uso público.
  - Os bens inmóbles de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmóbles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
  - Os bens inmóbles patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

### **Artigo 4.- Exencións.**

1.- Estarán exentos os seguintes inmóbles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, da Comunidades Autónomas, ou da Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá, e os servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos a defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento, regulamentariamente determinadas, no que o principal aproveitamento sexa a madeira ou cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal de especie.

g) Os terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e os edificios enclavado nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns, ou calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecemento de hostalería, espectáculos, comerciais e de espacemento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

h) Os inmobles urbanos nos que a cota tributaria non exceda de un euro, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota tributaria non exceda de un euro.

2.- Asimesmo, previa solicitude, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen o ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada o ensino concertado.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín historio de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, ós que reúnan as seguintes condicións: en zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español. En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a 50 anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.



c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

d) Os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

#### **Artigo 5.- Suxeito pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuínte quen deba satisfacer o maior canon.

2.- O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Valdoviño repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais. Así mesmo o substituto do contribuínte podería repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción os canons que debían satisfacer cada un deles.

3.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impoñible deste imposto, os bens inmoables obxecto de ditos dereitos quedaran afectos ao pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán os comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto Sobre Bens Inmoables asociadas ó inmovible que se transmite.

4.- Responden solidariamente da cota deste imposto en proporción as súas respectivas participacións, os coparticipes ou cotitulares da entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

#### **Artigo 6.- Base Impoñible e liquidable**

1.- A base impoñible deste imposto estará constituído polo valor catastral dos bens inmoables.

2.- A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base impoñible a redución que legalmente se establece nos artigos 67 e 70 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 7.- Cota tributaria.**

1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos queda fixado no 0,50%

O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,50%

Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3%

2.- A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas legalmente.

## **Artigo 8.- Bonificacións.**

### **a) Bonificacións obrigatorias.**

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50 % sobre a cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó remate das mesmas, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicar a máis de tres períodos impositivos.

Para o goce desta bonificación, os interesados deberán presentar escritos dirixidos ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña durante o ano correspondente ao inicio das obras, debendo achegar a seguinte documentación:

- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña-Provincia, no que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
- Certificado da concesión da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.
- Certificado do técnico-director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.
- Documentación que acredita que e o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificado do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.
- Documentación pola que se acredite que os inmobles aos que afectan as obras constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos Estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.

Á vista da documentación presentada, á Excma. Deputación Provincial ditará resolución concedendo ou denegado a bonificación solicitada. A bonificación concedida só terá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprilos requisitos establecidos.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma.

Dita bonificación concederáse a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior a terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte aquel en que se solicite. A estes efectos, as persoas interesadas deberán achegar na solicitude da bonificación a cédula de calificacións provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro sobre réxime fiscal das cooperativas.

#### **b) Bonificacións potestativas.**

1.- Os titulares de familia numerosa terán unha bonificación da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana, na seguinte contía:

- Familia numerosa categoría xeral 30%.
- Familia numerosa categoría especial 50%.

Para obter a bonificación, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O inmovible para o que se solicita debe ser vivenda habitual de toda a familia numerosa. A estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros.

b) Solicitude identificando o ben inmovible.

c) Título de familia numerosa en vigor.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude e achegar a seguinte documentación:

a) Solicitude de concesión desta bonificación.

b) Documento Nacional de Identidade do solicitante.

c) Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba xurdir efectos a bonificación.

d) Certificado Colectivo de empadramento no Concello de Valdoviño.

#### **Artigo 9.- Devengo e período impositivo.**

- 1.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
- 2.- O período impositivo coincide co ano natural.
- 3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ao momento no que se produzan os efectos catastrais

### **Artigo 10.- Xestión tributaria do imposto.**

A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva da Excm. Deputación de A Coruña, mentres teña a delegación outorgada polo Concello de Valdoviño, e comprenderás as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñen contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Segundo.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, cuxo texto é o seguinte:**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

#### **Artigo 1.- Natureza e fundamento**

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo de carácter obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 2.- Feito Imponible.**

- 1.- O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava titularidade dos vehículos de esta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calesquera que sexa a súa clase e categoría.
- 2.- Se considera vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres no causara baixa nestes. A os efectos de este imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
- 3.- Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desa natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

### **Artigo 4.- Exencións**

Estarán exentos do IVTM os vehículos que indica o artigo 93 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

a) Conforme o artigo 93.1 parágrafo e) do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, están exentos do IVTM os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Asimesmo, estarán exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención será aplicada en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis de un vehículo simultaneamente.

Se considerarán persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Os interesados deberán instar a su concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude que deberá acompañar ca seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade.
- Ficha técnica do vehículo. • Permiso de circulación.
- Certificado da minusvalía emitido polo órgano competente en grao igual ou superior ao 33%.

Declarada a exención pola Administración municipal, se expedirá un documento que acredite a sua concesión.

b) Conforme o artigo 93.1 parágrafo g) do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, están exentos do IVTM os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla Inspección Agrícola.

A estes efectos, os interesados deberán instar a su concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude e achegar a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade.
- Ficha técnica do vehículo.
- Permiso de circulación.
- Cartilla de Inspección Agrícola. • Inscripción no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).

### Artigo 5.- Bonificacións

Ao abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense a seguintes bonificacións:

- a) Gozarán dunha bonificación do 100% os vehículos históricos, tendo en consideración aqueles que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2 do Real Decreto 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aproba o regulamento de vehículos históricos.
- b) Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán instar a sua concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude e achegar a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade.
- Ficha técnica do vehículo.
- Permiso de circulación onde se acredite que o vehículo figura matriculado como histórico.

A bonificación iniciará os seus efectos no exercicio seguinte a aquel en que se formule a solicitude e estes manteranse nos sucesivos exercicios.

- c) Bonificación do 100% para os vehículos **que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos**, contados a partir da data da súa fabricación ou, si esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán instar a sua concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude e achegar a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade.
- Ficha técnica do vehículo.
- Permiso de circulación.

A bonificación iniciará os seus efectos no exercicio seguinte a aquel en que se formule a solicitude e estes manteranse nos sucesivos exercicios.

- d) Os vehículos de clase turismo, gozarán nos termos que se dispoñan, das seguintes bonificacións na cota do imposto durante **3 anos**, en función das **características dos motores**, clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

- Bonificación do 40% para os vehículos híbridos (motor eléctrico-galosina, eléctricodiesel, eléctrico-gas ou gasolina-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

- Bonificación do 40% para os vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas, ou que utilicen exclusivamente como combustible biogás, gas natural, gas líquido, metano, metanol e hidróxeno.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión con anterioridade á data do devengo do imposto, en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude e achegar a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade.
- Ficha técnica do vehículo acreditativa dos requisitos.
- Permiso de circulación.

Si se desexa que a bonificación teña efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse nese mesmo ano. Non procederá a concesión de ningunha das bonificacións referidas no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ao corrente do pagamento deste imposto por calquera vehículo ao seu nome.

#### Artigo 6.- Cota tributaria.

Conforme o artigo 95 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable no Concello de Valdoviño queda fixado no 1,50. De acordo co anterior, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica no Concello de Valdoviño será esixido con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

Potencia e clase de vehículo	Cota
<b>A) Turismos</b>	
De menos de oito caballos fiscales	18,93 €
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	51,12 €
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	107,91 €
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	134,42 €
De 20 caballos fiscales en adelante	168,00 €
<b>B) Autobuses</b>	
De menos de 21 plazas	124,95 €
De 21 a 50 plazas	177,96 €
De más de 50 plazas	222,45
<b>C) Camiones</b>	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	63,42 €
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	124,95 €
De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	177,96 €
De más de 9.999 kilogramos de carga útil	222,45 €
<b>D) Tractores</b>	
De menos de 16 caballos fiscales	26,51 €
De 16 a 25 caballos fiscales	41,66 €
De más de 25 caballos fiscales	124,95 €
<b>E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica</b>	
De menos de 1.000 y más de 750 kilogramos de carga útil	26,51 €
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	41,66 €
De más de 2.999 kilogramos de carga útil	124,95 €
<b>F) Vehículos</b>	
Ciclomotores	6,63 €
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	6,63 €
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	11,36 €

Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	22,73 €
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	45,44 €
Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos	90,87 €

#### **Artigo 7.- Período impositivo e devengo.**

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos.

Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación.

A efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán a oportuna documentación conforme o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de 30 días a contar dende a data de adquisición ou reforma, declaración-liquidación por este imposto según o modelo aprobado ao efecto que se acompañará ca documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou Certificado de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma foi efectuada mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

2.- O imposto se devengará o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto será prorrateada por trimestres naturais nos supostos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos términos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo de vehículo, dende o momento en que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

#### **Artigo 8.- Xestión tributaria do imposto.**

As tarefas de xestión, liquidación, inspección e recadación, así como revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva da Excm. Deputación de A Coruña, mentres teña a delegación outorgada polo Concello de Valdoviño.

#### **Disposición final**

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro.-** Expoñer ao público o acordo provisional adoptado pola corporación local respecto a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño durante 30 días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentas as reclamacións que estimen oportunas, conforme o establecido no artigo 17 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**Cuarto.-** Simultaneamente publicar o anuncio do texto modificado da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica na web do Concello.

Concluído o período de información pública, si se presentaran reclamacións deberán resolverse polo Pleno incorporando, se procedese, ao texto das Ordenanzas as modificacións derivadas da resolución das alegacións.



**Quinto.-** De non presentarse reclamacións, se entenderá elevado a definitivo o acordo de aprobación, ata entón provisional, da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica, previa certificación da Secretaría municipal.

**Sexto.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Bens Inmóveis e a Ordenanza fiscal reguladora do Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica, se publiquen no Boletín Oficial da Provincia.

*Documento asinado electrónicamente polo Alcalde na data indicada a marxe”*

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

## **5º.- DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DE VALDOVIÑO PARA O ANO 2023.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade en escrito da súa referencia saída Saída 2377 / RX 1349521 recibido neste Concello en data 29 de xullo pasado con entrada rexistro xeral 20229000000783 con petición ao Concello de determinación das datas concretas de dous días de festas locais para o vindeiro ano 2023, en virtude do disposto nos artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo.

Deberán ser tidas en conta as festas na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal, e especifican as datas.

Aos efectos de dar cumprimento ao solicitado, esta Alcaldía, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación, previo ditame da correspondente comisión informativa, a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** Determinar os seguintes dous días como festivos locais neste término municipal de Valdoviño para o ano 2023, con carácter retribuído e non recuperable.

Martes, 21 de febreiro, martes de Carnaval.

Xoves, 17 de agosto, día de San Mamede.

**SEGUNDO.-** Remitir o acordado polo Pleno antes da data do 1 de setembro de 2022 á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade – A Coruña para o seu coñecemento e debidos efectos.

Non obstante, a Corporación resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 30 de xullo de 2022

O alcalde,

*Asdo: Alberto González Fernández”*

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía anteriormente reproducida.**

**II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

## **6º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2022.-**

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de xuño de 2022, que comprenden do número 252 ao 318 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

**Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.**

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

.- Intervención grupo municipal CENVAL.-

Sra. Veiga.- Cal foi a razón da protesta dos veciños de Marnela?

Sr. Alcalde.- Foi porque a Xunta non previu os problemas de circulación pero xa fixo un cambio para mellorar a entrada e saída da xente. Estase encargando a Xunta de solucionalo, é unha cuestión interna da Xunta.

Sra. Veiga.- Houbo un problema no alumeado da praia?

Sr. Alcalde.- Si, pero amaño.

.- Intervención grupo municipal PP.-

Sr. Bouzamayor.- Pagaronse as subvencións de deportes?

Sr. Alcalde.- Acabo de asinar e creo que son as de deportes. Retrasouse por enfermidade do persoal.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*